

ENTROIDO NA CASA

BASES

I CONCURSO DE DISFRACES EN LIÑA

CONVOCATORIA

O Concello de Barro, con motivo do Entroido 2021, convoca un concurso de disfraces para persoas empadroadas no Concello de Barro, establecendo dúas categorías: individual e grupos convivintes.

TEMA

Entroido na casa.

PARTICIPANTES

As persoas que queiran participar neste concurso enviarán as fotografías dos seus disfraces ao correo electrónico omix@barro.gal **desde o xoves 11 de febreiro até o mércores 17 ás 12:00 da mañá.**

A dinámica do concurso é moi sinxela. Elixirase mellor disface ao que leve mais “GÚSTAME”, “ENCÁNTAME” na fotografía que estará colgada na páxina Facebook da ÓMIX de Barro.

Importante: Para poder colgar as fotos nas redes, xunto coa fotografía, tamén enviaredes a **ficha de inscrición cuberta(ANEXO I)** á ÓMIX de Barro omix@barro.gal

PREMIOS E CATEGORÍA

Os premios consistirán nun vale para consumir nos establecementos hostaleiros do Concello de Barro polos seguintes valores:

INDIVIDUAL

1º: 80 €

2º: 60 €

3º: 40 €

GRUPO CONVIVINTES

1º : 100€

2º : 80€

3º: 40€

ELECCIÓN DAS PERSOAS GAÑADORAS

Será a poboación xeral a encargada de elixir as fotografías gañadoras.

As fotografías publicaranse na páxina de **Facebook da ÓMIX do Concello de Barro** o 18 de febreiro.

O prazo de votación, comezará o mesmo día da publicación das fotos nas redes sociais e poderase dar “GÚSTAME”, “ENCÁNTAME” na rede social ao longo dos días **18, 19, 20, 21 e 22 de febreiro**.

Ás 12:00 h do día 22 de febreiro, tomarase nota do número de “GÚSTAME”, “ENCÁNTAME” coa participación da informadora xuvenil e un concelleiro con delegación na área de xuventude ou cultura, dando fe deste feito o secretario do Concello de Barro.,

Os gañadores daranse a coñecer **o 23 de febreiro** nunha publicación na páxina web do Concello e nas páxinas de Facebook do Concello e da ÓMX de Barro.

ENTREGA DE PREMIOS

A entrega de premios farase **o venres 26 de febreiro**, na casa consistorial.

PUBLICIDADE

Estas bases serán publicadas na páxina web do Concello de Barro www.barro.gal

A participación nesta actividade implica que autorizo ao Concello de Barro ao uso das fotografías, estas imaxes poderán ser utilizadas para:

- ✓ A realización dun álbum de recordo.
- ✓ Nos Facebooks do Concello de Barro.
- ✓ Na paxina web do Concello de Barro, así como folletos ou calquera outro soporte físico ou audiovisual co obxecto de publicidade corporativa.

NOTA DE LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS

Segundo a lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro do Concello de Barro con fins informativos, así coma da posibilidade de exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste departamento.